

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 18/04/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 18/04/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11-abr-2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/1080

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Ana García Agra, solicitando autorización para instalar a Duendeneta fronte o Bar la Perla, na Rúa Ramón y Cajal nº16 na terraza do Local, para celebrar unha sesión vermut o día 15 de maio de 2022.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2022/1195

Dáse conta do escrito presentado por D. Augusto Augusto, denunciando a existencia dun baden producido pola raiz dunha árbore á altura do nº74 da Avda. A Torre, a Xunta de Goberno Local

visto o informe da Policía Local acorda que se leve a cabo a reparación da calzada á altura do nº74 da devandita avenida.

PRP2022/1197

Dáse conta da proposta de convenio a subscribir entre o Concello de vilagarcía de Arousa e a Entidad Mercantil STANFORD OVERSEAS SL para o aluguer da finca situada en Avda. Rodrigo de Mendoza nº 54, cunha superficie de 54.857 m² (Ref. cat. 975760NH1195N0001YG) para a súa utilización como zona de aparcamento con efectos 01-01-2021, xa que, nesa data, estaba sendo utilizada como aparcamento de vehículos. A contía a aboar dende o 01-01-2021 ascende a 2.082,80 € anuais (IVE incluído), con cargo á partida 133.200.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio e comunicar á Entidade Mercantil que de deberá procederse a formalizar e asinar un contrato de aluguer.

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/1176

Dáse conta do escrito presentado pola empresa Aralia, para a autorización de sinatura de acordo de prácticas coa entidade FORBE MULTIMEDIA, S.L., eximindo de toda a responsabilidade no exercizo das citas prácticas ao Concello de Vilagarcía de Arousa, e previo consentimento das persoas beneficiarias. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2022/1133

Vista a proposta da Concelleira de Promoción Económica, para aprobar o orzamento de asistencia técnica, consultoría, asesoramiento e apoio na xestión do proxecto Vilagarcía Viva, Proyecto de mellora, revitalización e resiliencia de mercados tradicionais e zonas urbanas comerciais, incluído no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato á empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L., por un importe de 18.089,50€ IVE engadido polo prazo de un ano, establecéndose como data previsible de inicio o 15 de abril de 2022, con cargo á partida 4311-470.

Acórdase así mesmo dispoñer que se cumplan as obrigas de publicidade de contratos menores previstas nos artigos 63.4 e 118 da LCSP e 8.1 da lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1159

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica para a posta en marcha do Centro de Referencia de Emprendemento e Consolidación Empresarial, a Xunta de Goberno Local acorda: PRIMEIRO. Aprobar o gasto polo importe do prezo base de licitación, con cargo á dispoñibilidade orzamentaria existente.

SEGUNDO. Adxudicar o presente contrato menor de servizos á empresa PACKIUM DATA S.L.

CIF: B-94184785, Rúa Os Duráns 7, baixo, 36600 Vilagarcía de Arousa, por importe de 17.424 € IVE INCLUIDO por prazo dun ano, establecéndose como data previsible de inicio o 1 de maio de 2022, con cargo á partida orzamentaria 4311-22799.

O aboamento levarase a cabo mediante facturación mensual do servizo, a razón de 1.200 € máis IVE/mes.

TERCEIRO. Dispoñer que se cumpran as obrigas de publicidade de contratos menores previstas nos artigos 63.4 e 118 da LCSP e 8.1 a) da lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/1071

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases da convocatoria de subvencións para o financiamento do Plan Madruga nos centros sostidos con fondos públicos para o curso 2021/22, por un importe total de 5.000 €, con cargo á partida 320.48003.

- Una axuda de 100 e/mes para cada ANPA por mes.
- Non se require un número mínimo de usuarios.
- Establécese un único período, que coincide co curso escolar: de setembro 2021 a xuño 2022.
- Xunto coa solicitude xa presentan a xustificación.
- O prazo vai do 23 de xuño ao 10 de xullo.

PRP2022/1203

Dáse conta da relación de premiados/as como mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da Rede Municipal de Bibliotecas dende xaneiro a decembro de 2021, e ao igual que en anos anteriores os premios consistan nun lote de libros, adaptado ás distintas idades dos rapaces premiados e un diploma acreditativo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a relación de premiados e o orzamento dos premios por importe de 459,92 €, con cargo á partida 3321.48100.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/1177

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR SL para a reparación da minicargadora Mustang, con matrícula E-1063-BDJ, adscrita ao citado Servizo, por un importe total de 3.559,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1183

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa AMBIGAL 360 SL a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo durante o ano 2022, por un importe de 150 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos mesturados, resultando un importe total estimado de 4.725,00 € (IVE non incluído) e de 5.197,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 1622.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1185

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa ALQUILER MYC NORTE SUR SL a recollida de residuos de construción de sanitarios (WC, duchas, bañeiras, piletas, etc.) do punto limpo durante o ano 2022, por un importe de 190 €/colector de 10 m³ (IVE non incluído), máis 1.080 € (120 €/mes) en concepto de aluguer do colector (IVE non incluído), resultando un importe total estimado de 2.030,00 € (IVE non incluído) e de 2.233,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1622.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1205

Dáse conta de escrito da Dirección Xeral de Administración Local solicitando que se leve a cabo a presentación do plan de emerxencia ante a seca por parte deste Concello, ou no caso de que aínda non se teña elaborado, concedendo un prazo máximo de 6 meses dende a recepción do requirimento para a presentación do mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO

PRP2022/1188

Dáse conta da proposta do Servizo de Turismo, en relación coa elaboración e promoción de paquetes turísticos baseados nas seguintes actividades e temáticas:

- a) Sendeirismo na Vía Verde do Salnés
- b) Cicloturismo na Vía Verde do Salnés
- c) Enoturismo
- d) Pazos e Xardíns
- e) Actividades náuticas
- f) Camiño de Santiago e Ruta Xacobeá

A Concellería de Turismo pretende promocionar Vilagarcía de Arousa como destino vinculado á Ruta do Mar de Arousa e Río Ula. Para iso, articularase un produto turístico baseado na colaboración con empresas locais (náuticas, de restauración, transportes, etc.).

A posición estratéxica de Vilagarcía de Arousa, con excelentes conexións ferroviarias, así como su variada oferta de servizos, configuran un destino atractivo tanto para o cliente nacional e

internacional.

O Turismo de cruzeiros, con escala no porto vilagarcían, supón unha grande oportunidade para este novo produto, competindo con outras alternativas ofrecidas aos cruceiristas.

O crecente interese polo Turismo ao aire libre, coas prácticas de cicloturismo e sendeirismo como principais actividades, supón de novo unha grande oportunidade para este destino; deste xeito, preténdese chegar a diferentes nichos de mercado e posicionar Vilagarcía de Arousa como destino turístico vinculado á práctica deportiva e á natureza.

Este produto turístico basearase en dous pilares: por un lado, aproveitarase a presenza do porto de Vilagarcía de Arousa na Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla, coma a orixe do Camiño. Por outro lado, poñerase en valor a recente creación da Vía Verde do Salnés que une Portas con Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa TeeTravel SL o contrato de servizos, por un importe total de 6.050,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22602, coa seguinte desagregación:

Promoción e difusión dos paquetes turísticos na web: www.tee-travel.com. As axencias de viaxes minoristas ademais, contarán cunha área axencias privada na que poderán ter acceso a material, documentación, ofertas e condicións, 2.000 €, (IVE non engadido).

Publicacións en redes sociais para dar visibilidade aos diferentes paquetes e intentar cubrir todos os posibles clientes obxectivo, así como envíos de newsletter tanto a cliente final como a nosa rede de Axencias de Viaxes, 1.000,00 €. (IVE non engadido).

Creación e xestión de campañas en Google Ads. Implementaranse campañas de search y display para chegar ao público obxectivo coas nosos produtos en todos os dispositivos, facendo retargeting sobre os usuarios que mostren interese no produto, 2.000 €. (IVE non engadido).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1190

Vista a proposta do Servizo de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Viajes Turísticos Silest SL para os servizos do tren turístico con motivo da celebración da XXV Vilagarcía Basket Cup Helena Mouriño, por un importe total de 550,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1191

Vista a proposta da Concellería de Turismo para celebrar o Festival Atlantic Fest 2022 na praia da Concha os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022. A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica y el reto demográfico. a autorización para o uso da praia da Concha os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022, con motivo da celebración do Festival Atlantic Fest 2022.

PRP2022/1193

Dáse conta da publicación pola Deputación Provincial de Pontevedra das BASES PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E

ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2022.

Poden solicitar a subvención os concellos que teñan una oficina de información turística adherida á Rede de Oficinas de Turismo Info Rías Baixas, que é o caso de Vilagarcía.

Ademáis por ser Municipio Turístico, a subvención financia a prestación do servizo por parte de dúas persoas. Neste caso, o importe da axuda é de 14.000 €.

A subvención financia os custos salariais de persoas empregadas públicas que presten servizos de atención ao público e información e oficinas de turismo. E dicir, non se require a contratación de máis persoal, a subvención pode ser xustificada cos custos salariais das persoas que xa están a prestar ese servizo.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención por importe de 14.000 € para financiar a prestación do servizo de información e atención ao público por parte de dúas persoas para a oficina de Turismo ao abeiro das citadas bases.

Ademáis se prevé que a Xunta, como tódolos anos, convoque subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados turísticos de Galicia.

PRP2022/1198

O Concello de Vilagarcía está a promocionar as diferentes vías para facer o Camiño de Santiago que pasan por Vilagarcía -a Variante Espiritual ou a Ruta Xacobeo do Mar de Arousa- i en calquera das modalidades que permiten eses itinerarios, co fin de entrar no turismo xacobeo.

En colaboración coa Mancomunidade do Salnés, púsoxe en marcha, xa o ano pasado, o produto A ORIXE DO CAMIÑO, que fai referencia a que pola Ría de Arousa e o río Ulla foi levado o corpo de Apóstolo cara a Santiago, circunstancia que foi a orixe de todo o fenómeno Xacobeo. A proposta que se fai ao peregrino é que cando chegue a Santiago, colla o tren ata Vilagarcía e volte a Compostela facendo esa viaxe do Apóstolo.

En definitiva, preténdese que a chegada de peregrinos a Vilagarcía se incremente de forma significativa por esas tres vías:

- Os que logo de chegar a Santiago, fan a Orixe do Camiño
- Aqueles que facendo o Camiño Portugués, se desvíen a través da Vía Verde do Salnés.
- E os que facendo a Variante Espiritual, decidan embarcar en Vilagarcía ou continuar a pé

Pero para conseguilo, precísase ter un servizo estable de embarcacións que ofrezan o remonte do río Ulla ata Pontecesures. E con esa finalidade, negociouse coas empresas locais que prestan ese servizo, OFTEFOR, C.B.-CORTICATA TURISMO e NÁUTICA MEDUSA, S.L., o establecemento dun calendario de saídas para facer ese remonte, que está condicionado polas mareas. Ese calendario, que establece data e hora, será dado a coñecer aos peregrinos por diferentes medios: nas páxinas webs do concello e desas empresas, na oficina de turismo, nos establecementos hostaleiros, etc. Isto supón un compromiso por parte das empresas, porque o servizo se prestará sen que se requira un número mínimo de usuarios.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun contrato menor de publicidade con Oftefor CB-Corticata Turismo, con CIF E36418283, e Náutica Medusa, S.L. con CIF B36595288, por importe, cada un deles, de 2.520 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22602.

A acción a realizar por cada unha das empresas será:

- A embarcación na que faga os remontes terá, nun lugar visible, a babor e estribor, un vinilo

- da marca A Orixe do Camiño e outro do logotipo do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- O cumprimento do calendario de saídas establecido.
 - A presenza dun representante da empresa nunha rolda de prensa na que o Alcalde ou o Concelleiro de Turismo dea a coñecer esta iniciativa.

A vixencia do contrato será dende o 1 de maio ata o 31 de novembro. As empresas poderán presentar unha factura polo 60% do importe do contrato transcorrido o primeiro mes de vixencia e outra polo 40% restante, no remate. O que pretende a Concellería con esta cláusula é facilitar a esas empresas o mantemento do servizo nesas condicións, sabedora que o produto que se ofrece precisa dun tempo para consolidarse e que no principio algún dos servizos serán deficitarios para as empresas polo número de peregrinos que o demanden.

A retirada da publicidade da embarcación será por conta das empresas contratadas.

No caso de que a empresa incumpra os compromisos adquiridos co concello, este poderá solicitar a rescisión do mesmo ou o reintegro da cantidade aboada no seu caso.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1200

O Concello de Vilagarcía está a promocionar as diferentes vías para facer o Camiño de Santiago que pasan por Vilagarcía -a Variante Espiritual ou a Ruta Xacobeá do Mar de Arousa- i en calquera das modalidades que permiten eses itinerarios: en barco, a pé, en bicicleta, en kayak... Ademais, en colaboración coa Mancomunidade do Salnés, dende o ano pasado está promocionando o produto A ORIXE DO CAMIÑO, que fai referencia a que pola Ría de Arousa e o río Ulla foi levado o corpo de Apóstolo cara a Santiago, que foi a orixe de todo o fenómeno Xacobeo, e propón que o peregrino se achegue a Vilagarcía para logo facer ese camiño ata Compostela.

Unha das formas recoñecidas de facer o camiño e obter a compostelá é navegando. Con esa premisa, a Asociación de Marinas do Norte de España, NORTMARINAS, organiza a travesía NAVEGA O CAMIÑO, que parte de La Rochelle, en Francia, e remata en Santiago, logo de 15 etapas. A viaxe dos barcos remata en Vilagarcía.

A Vilagarcía chegan o 13 de xullo, procedentes de A Pobra do Caramiñal. Ese mesmo día farán, nun só barco, o remonte ata Padrón e volverán a Vilagarcía, Ao día seguinte, volverán a Padrón para continuar o seu camiño, a pé, ata Santiago.

O número de persoas que participan nesta travesía é en torno a 100.

Co fin de que esta iniciativa se consolide, que se repita ao longo dos anos, tendo a Vilagarcía como chegada da última etapa, considérase xustifico o patrocinio do evento e a tal fin propónse a sinatura do contrato con NORTHMARINAS que se achega, que ten as características seguintes:

Os compromisos do Concello,

- Unha achega de 2.000 € (exento de IVE), logo da presentación da factura correspondente e despois de realizado o evento.
- Recepción aos navegantes que inclúe un picoteo con produtos locais, cun presuposto de 1.000 €.
- A entrega aos participantes dun dossier turístico de Vilagarcía (mapa, información e proposta de actividades)
- A difusión do evento na páxina web do concello e nos medios de comunicación.

- A presenza dun representante do concello na recepción dos navegantes e o selado dos credenciais.
- Organizar unha visita turística por Vilagarcía.

Os compromisos de NORTHMARINAS,

- Mención do Concello como patrocinador na fase previa de presentación da

travesía (Salóns náuticos, Salón náutico de La Rochelle, Salón náutico de París, Salón náutico Dusseldorf, Jornadas Northmarinas, RRSS, etc.)

- Invitación para 2 personas a realizar 1 etapa a bordo do barco da organización.
- Presencia no dossier de difusión da Travesía (800 contactos)
- Presencia nos escritos de prensa e medios especializados, nacionais e internacionais
- Presencia, durante o contrato, na Páxina Web: www.rallysailtheway.com
- Presencia en Redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram)
- Publicación da Travesía nos canais de comunicación do programa embárcate de ANEN (asociación nacional de empresas náuticas)
- Información e difusión do evento a través dos canais de comunicación de North Marinas
- Mención especial na recepción e entrega de premios na etapa.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun contrato de patrocinio con NORTHMARINAS, por importe de 2.000 €, con cargo á partida 432.22602 e unha autorización de gastos, por importe de 1.000 €, para a recepción dos participantes, con cargo á partida 432.22601.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1201

Esta Concellería está a promocionar Vilagarcía como destino de Turismo Activo e de Natureza. Unha das actuacións é a posta en valor e posterior homologación das rutas de sendeirismo polo monte Xiabre.

Os convenios que foran asinados no seu momento coas comunidades de montes xa están finalizados polo que é preciso proceder á súa renovación.

En xuño do pasado ano esta concellería xa fixera proposta á Xunta de Goberno para a renovación dese convenio, pero non fora incluída a Comunidade de Montes en Man Común de Trabanca Sardiñeira.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio coa Comunidade de Montes en Man Común de Trabanca Sardiñeira.

O resumo do contido dese convenio é o seguinte

As actividades a realizar por parte do concello serán as seguintes:

1. Desbroce
2. Sinalización, que comprende a colocación de sinais de orientación empregando os códigos homologados e rexistrados pola FEDME (Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada). Tamén se inclúe a instalación, en lugares estratéxicos, de paneis informativos.
3. O mobiliario: inclúe bancos a ubicar en lugares estratéxicos e garda contedores para os puntos de saída e retorno.

O presente acordo terá unha duración de 10 anos, quedando aberta a posibilidade de prórroga. Durante a vixencia do acordo, non se interromperá o uso normal e tradicional das tarefas que a Comunidade de Montes leva a cabo.

Respectaranse, en todo caso, o trazado dos camiños e sendeiros que existen neste momento, co máximo respecto á flora e a fauna.

A Comunidade de Montes queda libre de calquera carga ou gravamen que se deriven do presente acordo. Do mesmo xeito, o Concello queda libre de calquera carga ou gravamen, se prexuízo da responsabilidade que corresponda ao Concello pola actividade que se promove (as rutas de sendeirismo).

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/1206

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Secretaría Xeral da Igualdade por importe de 45.000,00€, facendo constar:

Primeiro: Que no 2021, para o mantemento do CIM se lle deu a este Concello unha subvención da Secretaria Xeral da Igualdade po importe de 45.000,00€

Segundo: Que se cumpriu coa finalidade da subvención.

Terceiro: Que se realizaron os gastos que se relacionan nesta conta xustificativa:

PERSOAL DO CONCELLO

| | Retribucións integras | cotizacións sociais (empresa) | Total período 1 | Retribucións integras | cotizacións sociais | Total período 2 | Total período subvenc. |
|--------------------|--------------------------|-------------------------------------|-----------------------|--------------------------|------------------------|------------------------|---------------------------|
| | 01/04/21- 30/11/21 | 01/04/21- 30/11/21 | 01/04/21- 30/11/21 | 01/12/21 – 31/03/22 | 01/12/21 – 31/03/22 | 01/12/21 – 31/03/22 | |
| Julia Barbosa | 27.982,09 | 8.993,52 | 36.975,61 | 15.752,8 | 4.564,20 | 20.317 | 57.292,61 |
| JoseM. Valdivia | 10.444,52 | 3.390,24 | 13.834,76 | 5.821,36 | 1.720,53 | 7.541,89 | 21.376,65 |
| Adriana Beloso | 24.794,56 | 8.346,09 | 33.140,65 | 13.572,32 | 4.235,61 | 17.807,93 | 50.948,58 |
| Totais | 63.221,17 | 20.729,85 | 83.951,02 | 35.146,48 | 10.520,34 | 45.666,82 | 129.617,84 |

Cuarto: Que as datas de pago das nóminas e das cotizacións sociais destas persoas traballadoras foron as seguintes:

Nóminas Cotizacións sociais

Abril 21 – 28/04/2021 31/05/21

Maio 21 – 27/05/2021 30/06/21

Xuño 21 – 28/06/2021 30/07/21

Xullo 21 – 27/07/2021 31/08/21

Agosto 21- 27/08/2021 30/09/21

Setembro 21 – 28/09/2021 29/10/21

Outubro 21 – 29/10/2021 30/11/21

Novembro 21 – 29/11/2021 30/12/21

Decembro 21- 21/12/2021 31/01/22

Xaneiro 22 – 28/01/2022 28/02/22

Febreiro 22 – 24/02/2022 31/03/22

Marzo 22 - 29/03/22 pendente de pago/finais abril

Quinto: Que asemade se realizaron os gastos de contratación externa dunha avogada, para realizar as funcións de asesoría xurídica, que de seguido se detallan:

CONTRATACIÓN EXTERNA

| posto/nome | Nº factura | Importe | Data emisión | Data pago/ recoñ. obriga |
|--------------------------------|------------|---------|--------------|--------------------------|
| Ase.Xuríd./ María Pérez Padrón | | | | |
| | | | | |
| abr-21 | 05/21 | 1041,81 | 04/05/21 | 01/07/21 |
| may-21 | 06/21 | 1041,81 | 26/05/21 | 08/07/21 |
| jun-21 | 07/21 | 1041,81 | 29/06/21 | 09/08/21 |
| jul-21 | 08/21 | 1041,81 | 30/07/21 | 15/09/21 |
| ago-21 | 09/21 | 1041,81 | 30/08/21 | 16/09/21 |
| sep-21 | 10/21 | 1041,81 | 30/09/21 | 06/10/22 |
| oct-21 | 11/21 | 1041,81 | 31/10/21 | 10/11/21 |
| nov-21 | 12/21 | 1041,81 | 30/11/21 | 04/02/22 |
| dic-21 | 14/21 | 1041,81 | 30/12/21 | 01/02/22 |
| ene-22 | 02/22 | 1041,81 | 31/01/21 | 23/02/22 |
| feb-22 | 03/22 | 1041,81 | | 18/04/22 |
| mar-22 | 04/22 | 1041,81 | | 18/04/22 |

CULTURA

PRP2022/1178

Vista a solicitude de Asociación Cultural San Juan Bamio e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Xoán e San Antonio en Bamio os vindeiros días 24 e 25 de xuño de 2022:

Asociación Coral Rosalía de Castro día 24-06-2022: 335,00€

Asociación Cultural Gaitas Mar os días 24-06-2022: 391,00€ , 25-06-2022: 225,00€.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/1179

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente o aluguer de material técnico, necesario para a representación do espectáculo a representar o vindeiro día 25 de setembro de 2022 no Salón de Actos do Auditorio a cargo do humorista e actor Goyo Jiménez, adxudicando o mesmo á empresa Etiqueta Negra Producciones,

S.L. por importe de 3.630,00€ IVE engadido, con cargo á partida 334-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1180

Vista a solicitude de D. Manuel Oubiña Saavedra e/n Asociación de Festas Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Sacramento en Sobradelo o vindeiro día 7 de agosto de 2022:

- Asociación Cultural Nos de Sobradelo, por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/1181

Vista a solicitude de Asociación Subida ao Monte do Pobo de Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Roque en Carril o día 14 de agosto de 2022:

- Actuación do Orfeón Alento Xoven, por un importe de 335,00€.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2022/1134

Dáse conta da proposta do Xefe de Mantemento e Servizos Municipais para a adxudicación do contrato menor de mantemento preventivo para o ano 2022 do sistema de climatización do Concello de Vilagarcía de Arousa:

O Concello de Vilagarcía de Arousa dispón dun sistema de climatización no edificio da Casa Consistorial.

De acordo co establecido no regulamento de Instalacións Térmicas é preciso realizar unha serie de tarefas de mantemento preventivo, que deben ser realizadas por persoal coa formación precisa neste tipo de traballos.

O concello de Vilagarcía de Arousa non dispón de persoal habilitado para acometer estas tarefas, polo que é preciso a súa contratación cunha empresa especializada neste sector.

Solicitado orzamento á mercantil Investigación y Desarrollo del Lérez, S.L. (INDELE), inscrita no

registro, da Consellería de Industria, relativo a empresas habilitadas no ámbito da seguridade industrial (Instaladora de instalacións térmicas) e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, esta ofrece o seguinte prezo:

| Oferta IVE excluído | IVE 21% | Oferta IVE engadido |
|---------------------|---------|---------------------|
| 1.800€ | 378,00€ | 2.178,00€ |

Achégase orzamento e relación de operacións de mantemento preventivo coa súa periodicidade. Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar, á mercantil Investigación y Desarrollo del Lérez, S.L. (INDELE), con CIF B36400240, o mantemento preventivo para o ano 2022 do sistema de climatización instalados na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe de 1.800€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 378,00€, o que totaliza un orzamento de adxudicación (IVE engadido) de 2.178,00€.

PRP2022/1139

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para adxudicar a dirección da obra denominada "Humanización da rúa Arzobispo Lago":

Dado que as obras para a Humanización da Rúa Arzobispo Lago comezarán nun breve espazo de tempo, é preciso o nomeamento de director de obra. Solicitada oferta ao arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias, este presenta un prezo (IVE engadido) de 11.942,70 €.

O prazo de execución deste contrato será de 6 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de servizos denominado "Dirección de Obra do investimento Humanización da Rúa Arzobispo Lago" ao arquitecto don Mariano Vazquez Iglesias (35464676X), por importe de 9.870,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.072,70 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 11.942,70 €, de acordo coa oferta que se achega.

PRP2022/1158

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para adxudicar a dirección de obra denominada "Mellora de Accesibilidade na rúa Alexandre Bóveda".

Dado que as obras para a Mellora de Accesibilidade na Rúa Alexandre Bóveda comezarán nun breve espazo de tempo, e tendo en conta o volumen de traballo existente na Oficina Técnica do Concello é preciso substituír o nomeamento de director de obra acordado por XGL en data 21/02/2022 ao Arquitecto Municipal, por outro arquitecto alleo ao concello.

Solicitada oferta ao arquitecto don Iago Fernández Puentes, este presenta un prezo (IVE excluído) de 660,00 €.

O prazo de execución deste contrato será de 2 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de servizos denominado "Dirección de Obra do investimento Mellora de Accesibilidade na Rúa Alexandre Bóveda" ao arquitecto don Iago Fernández Puentes (46903614J), por importe de 660,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 138,60 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 798,60 €, de acordo coa oferta que se achega.

2.- Revocar o nomeamento como director de obra do investimento denominado "Mellora de Accesibilidade na Rúa Alexandre Bóveda" ao Arquitecto Municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña no acordo da Xunta de Goberno Local do 21/02/2022.

PRP2022/1189

Dáse conta da proposta de prórroga do contrato de Servizos denominado "Servizo de Asistencia Xurídica no Centro de Información á Muller-CIM":

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 24 de febreiro de 2020 adxudicouse o contrato de servizos CT 69/2019-e denominado "Servizo de asistencia xurídica no Centro de Información á Muller-CIM", a dona María Purificación Pérez Padrón, con CIF: 35434077R

O contrato comezou a súa execución o 01/04/2020. A duración do contrato, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación, era inicialmente de 2 anos, sendo susceptible de prórroga por outros dous anos (duración total do contrato incluídas as prórrogas: 4 anos).

Achégase documento no que Dona María Purificación Pérez Padrón, presta a súa conformidade á prórroga do citado contrato por un prazo de dous anos, sen que as condicións do mesmo varíen. En atención ó exposto, a Xunta de Goberno Local acorda prorrogar, con efectos 01/04/2022, por un prazo de dous anos e sen variar as condicións, o contrato servizos denominado CT 69/2019-e "Servizo de asistencia xurídica no Centro de Información á Muller-CIM" con dona María Purificación Pérez Padrón.

PRP2022/1192

Dáse conta de escrito da Secretaría de Estado de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana achegando resolución de peche do procedemento da convocatoria 2018, de 18 de xuño de 2018, pola que se conceden axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións de conservación ou enriquecemento do patrimonio histórico español, comunicando a denegación da subvención solicitada para as actuacións "Renovación y acondicionamento do xardín botánico Enrique Valdés Bermejo".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1286

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D. Jesús Manuel Chorén Santos (Emprotec Ingenieros) a Coordinación de Seguridade e Saúde da Obra: "Mellora accesibilidade na Rúa Alexandre Bóveda", por un importe total de 726,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1287

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Rent-A-Brain Consultores Sector Publico SLU, o Servizo de apoio á elaboración do plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do Concello de Vilagarcía de Arousa, execución de fondos Next Generation EU, por un importe total de 7.865,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.22700, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/1140

De conformidade coa Operación "Transformación Dixital do Concello de Vilagarcía de Arousa, Lote 1" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato mixto de servizos-subministro aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da factura:

| PROVEDOR | FACTURA | IMPORTE | APLICACIÓN | OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO |
|------------------------|----------------------------------|-----------|---------------------------|--|
| IMATIA INNOVATION, S.L | A2010 2022/0341 REG 2022/1905 | 7.260,00€ | 491-6400017 AD19-24819 | Formación da plataforma CIVIDAS e-GOV a nivel avanzado |

PRP2022/1186

Visto o expediente de gasto INT/2022/124 integrado pola relación de xustificantes F/2022/24 por importe de 24.761,46 €.

Vistos os informes dos servizos que se integran no expediente.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/24 por importe de 24.761,46 €, coa seguinte desagregación:

| REX. | Documento | Fecha Doc. | Importe | Progr. | Econ. | Nome Ter. | Texto Libre |
|--------------|------------------|------------|----------|--------|-------|---|---|
| F/2022 /1085 | 4048241732 | 14/02/2022 | 256,25 | 170 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | NEUTRAL-PLUS-CLEANER-5LTR / FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE |
| F/2022 /1086 | E 1000724 | 28/02/2022 | 22,72 | 320 | 212 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | T.CUADRADO S.GALVA 30X30X2.00 |
| F/2022 /1087 | E 1000737 | 28/02/2022 | 42,52 | 171 | 213 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | PLETINA DE 80X8 |
| F/2022 /1091 | SFX 001041595 | 01/03/2022 | 162,23 | 2312 | 224 | HISCOX ESPAÑA, S.A. | Exposición: ""Día das Mulleres. Exposición de carteis nas coleccións do Museo do Pobo Galego""; Periodo de Cobertura: 21/0 |
| F/2022 /1096 | 2201012965 | 03/03/2022 | 47,18 | 432 | 202 | ADMIN. DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS | 41946 VILLAGARCIA ALQUILER LOCALES E.V. (41946 VILLAGARCÍA. ALQUILER DE LOCALES EDIFICIO VIAJEROS ESTACIÓNVILLAGARCÍA P |
| F/2022 /1096 | 2201012965 | 03/03/2022 | 2.335,30 | 432 | 202 | ADMIN. DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS | 41946 VILLAGARCIA ALQUILER LOCALES E.V. (41946 VILLAGARCÍA. ALQUILER DE LOCALES EDIFICIO VIAJEROS ESTACIÓNVILLAGARCÍA P |
| F/2022 /1098 | 151-1-02/53 | 28/02/2022 | 33,41 | 2412 | 22199 | DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A. | Guante Bayeco nitrilo azul T/M 30 u / Guante Bayeco nitrilo azul T/S 30 u / TOALLA VICUS T/DUCHA C/TOSTADO-435 / TOALLA |
| F/2022 /1104 | 4048244487 | 15/02/2022 | 248,44 | 132 | 22108 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | MALETIN VACIO 8.4.2 TAPA TRANSPARENTE / MALETIN VACIO 8.4.1 TAPA TRANSPARENTE |
| F/2022 /1105 | 22 761 | 15/02/2022 | 12,25 | 320 | 212 | SOBRINO G., S.A. | BROCA WIDIA PROFESIONAL 8mm / ANCLAJE GANCHO 06x45 (BCA 08) G-08-C |
| F/2022 /1106 | 22 763 | 15/02/2022 | 68,97 | 170 | 22104 | SOBRINO G., S.A. | CAZADORA ALGODÓN 106003 GRIS / CHAQUETA POLAR 201504 BICOLOR GR/RO |
| F/2022 /1107 | 22 762 | 15/02/2022 | 7,04 | 2312 | 22199 | SOBRINO G., S.A. | TACO PLÁSTICO SX-08 |
| F/2022 /1108 | 2220175 | 28/02/2022 | 3.385,24 | 454 | 210 | CONST., OBRAS Y VIALES, S.A. | Mezcla Bituminosa Caliente tipo D-12 (AC16 SURF 50/70 D), sobre camión en la planta de A Goulla - Meis. / Kg. emulsion e |
| F/2022 /1109 | FE22 32 | 28/02/2022 | 5.123,51 | 454 | 210 | MOVIM. DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA, S.L. | AGLOMERADO TIPO D12 ALBARÁN 10640 ORDE DE COMPRA Nº 12922 / AGLOMERADO TIPO D12 ALBARÁN 10645 |

| | | | | | | | |
|--------------|------------|------------|--------|------|-------|--------------------------|---|
| | | | | | | | ORDE DE COMPRA N° 12922 / |
| F/2022 /1111 | V 20220317 | 28/02/2022 | 478,12 | 320 | 215 | MADERAS J. REDONDO, S.L. | SUPERPAN HIDRO MOLMO SABI BOREAL / BISAGRA 107° 75T1550 / BISAGRA ACODADA C/TOJ.75T1680 / BASE EXCENTRICA M/T 173H7100 S |
| F/2022 /1113 | A 214 | 28/02/2022 | 96,50 | 453 | 213 | SUMINISTROS SOHER, S.L. | BOQUILLA CILINDRICA D=18 N° 10 SB/250 / REG.CAUDALIMETRO GZ ARGON/CO2 SERIE V250E200 40LTS / N° ORDEN: 12984 / RESP. COM |
| F/2022 /1114 | 22 769 | 15/02/2022 | 125,73 | 171 | 213 | SOBRINO G., S.A. | VARILLA ROSCADA 975 10 INOX / TUERCA 934 10 INOX / ARANDELA CARROCERO 9021 10 INOX / TORNILLO EXAG 933 10x100 INOX / MAN |
| F/2022 /1115 | 22 768 | 15/02/2022 | 158,86 | 171 | 22199 | SOBRINO G., S.A. | TORNILLO BOCA EXAG MONT P16 7504-K 4,8x38 Z / TORNILLO BCA EXAG MONT P16 7504-K 5,5x50 / TORNILLO EXAG 933 5x30 INOX / T |
| F/2022 /1118 | 22 765 | 15/02/2022 | 10,50 | 334 | 22199 | SOBRINO G., S.A. | LLAVE BRUTO A LIN-25D / LLAVE BRUTO B CI-DL / LLAVE BRUTO A CVL-5D |
| F/2022 /1505 | 202201237 | 28/02/2022 | 5,80 | 334 | 22699 | CASTROMAN I, S.L. | CIENT BRIDA NYLON 4,8-300 BLANCA / ORDE DE COMPRA N°13004 / RESPONSABLE DE COMPRA RICARDO PICHEL PREGO |
| F/2022 /1506 | 202201236 | 28/02/2022 | 87,54 | 453 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CEYS MS-TECH BLANCO CARTUCHO 290ML / CUTTER / 155M/18MM / PUNTA ATORNILLADOR PH2 B / PUNTA ATORNILLADOR PZ2 / FERRAMENTA |
| F/2022 /1507 | 202201238 | 28/02/2022 | 83,60 | 320 | 215 | CASTROMAN I, S.L. | CIENT TORNILLO 3.5X16 H.F.C/P BICRO / GUIA CAIDA 1.2MM BLANCA 500MM / BISAGRA METALICA 35MM LISA CLIP 180° / PATA MUEBLE |
| F/2022 /1508 | 202201220 | 28/02/2022 | 78,19 | 3262 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CINTA SEÑALIZACION BICOLOR NEGRO/AMAR. 33X50MM / LOCTITE SG3 PREC 5G BL / DURACELL PILA OPTIMUM AA LR06 K4 16BLIS / DURA |
| F/2022 /1509 | 202201221 | 28/02/2022 | 18,30 | 170 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | LLAVE ACERO JMA JMA-4I / CANDADO LATON 50 MM ARCO LARGO / ORDE DE COMPRA N°12988 / RESPONSABLE DE COMPRA RICARDO PICHEL |
| F/2022 /1510 | 202201222 | 28/02/2022 | 7,50 | 4311 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | SPRAY ROJO CLARO F-1440 200 ML / ORDE DE COMPRA N°12929 / RESPONSABLE DE COMPRA RICARDO PICHEL PREGO |
| F/2022 /1511 | 202201223 | 28/02/2022 | 556,00 | 920 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | PALETA SOLDADA NORTE 180X115X87 M/BIMAT / PALETAS VARIOS MODELOS / CUBO ITALIANO 10L* / PALETA SOLDADA / FLEXOMETRO SERI |
| F/2022 /1512 | 202201224 | 28/02/2022 | 3,00 | 3321 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | LLAVE ACERO JMA LIN-25D / LLAVE ACERO JMA CVL-5I / AGENCIA DE LECTURA DE VILLAJUAN / ORDE DE COMPRA N°12936 / RESPONSABL |
| F/2022 /1514 | 202201225 | 28/02/2022 | 50,95 | 453 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | DURACELL PILA OPTIMUM AAA LR03 K4 8BLIS / herramienta fontanero / ORDE DE COMPRA N°12886 / RESPONSABLE DE COMPRA ADRIAN V |
| F/2022 /1516 | 202201228 | 28/02/2022 | 18,74 | 171 | 213 | CASTROMAN I, S.L. | MT. LIJA TELA 641 PF 115/120X50000 P080 / MT. LIJA TELA 641PF 115/120X50000 P120 RR0521 / verjas castriño / ORDE DE COM |
| F/2022 /1517 | 202201229 | 28/02/2022 | 739,77 | 320 | 213 | CASTROMAN I, S.L. | JUEGO SOPORTE RADIADOR REGULABLE REFORZADA / colegio la lomba / ORDE DE COMPRA N°12871 / RESPONSABLE DE COMPRA ADRIAN VI |

| | | | | | | | |
|-------------|----------------|------------|----------|------|-------|---|--|
| F/2022/1518 | 202201230 | 28/02/2022 | 47,40 | 132 | 22108 | CASTROMAN I, S.L. | DESA-CHEM EAC 300 ML. / VARILLA ROSCADA 975 A-2 M/06X1MT INOX* / MARIO VAZQUEZ |
| F/2022/1520 | 202201232 | 28/02/2022 | 68,75 | 454 | 213 | CASTROMAN I, S.L. | BROCA HSS DIN338N MR 28.00 / RETIRADO POR ADRIAN / ORDE DE COMPRA Nº12921 / RESPONSABLE DE COMPRA RICARDO PICHEL PREGO / |
| F/2022/1527 | 22 0000013 | 28/02/2022 | 476,93 | 320 | 212 | CUEVAS, S.L. | Mano de Obra (Fra. nº 22/0000013 – OBRA: Colegio Unitaria Aralde. Trabajos realizados por nuestro personal de taller, |
| F/2022/1528 | 22 0000014 | 28/02/2022 | 220,22 | 920 | 212 | CUEVAS, S.L. | Mano de obra (Fra. nº 22/0000014 – OBRA: Concello. Trabajos realizados por nuestro personal de taller, consistentes en |
| F/2022/1529 | 22 0000015 | 28/02/2022 | 275,28 | 920 | 212 | CUEVAS, S.L. | Mano de obra (Fra. nº 22/0000015 – OBRA: Concello (Policía Local). Trabajos realizados por nuestro personal de taller, |
| F/2022/1536 | Emit- 2562 | 15/02/2022 | 41,75 | 320 | 212 | IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMPRESARIAL, S.L. | NITROLAC 50 MATE TD CARTA 1725 BLANCO / PEDIDO CLIENTE Nº:COLEGIO A LOMBA / EDUCACION |
| F/2022/1547 | G220000078 | 28/02/2022 | 1.295,85 | 454 | 22103 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / |
| F/2022/1547 | G220000078 | 28/02/2022 | 766,53 | 943 | 46300 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / |
| F/2022/1555 | Emit- 2563 | 15/02/2022 | 126,53 | 453 | 213 | IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMPRESARIAL, S.L. | SAGOLA-PISTOLA CLASSIC PRO XD/G 1.8/21EPA-10141625 / PEDIDO CLIENTE Nº:REPOSICION PISTOLA / OBRAS |
| F/2022/1556 | 01 55 | 31/01/2022 | 366,80 | 135 | 213 | ALMACEN E FERROS AROUSA, S.L. | UD TUBO GALVANIZADO 25X25X1.5X6000 MM / UD MALLA GALVANIZADA 50X50X4 - 3000X2000 |
| F/2022/1557 | 759 213208012 | 31/12/2021 | 825,22 | 338 | 22699 | BAYGAR, S.L. | ANDAMIO ALQUILADO RAMPA DE HIELO (OFERTA JG1023101121,02) |
| F/2022/1576 | 2022/22 000200 | 04/03/2022 | 594,00 | 453 | 22103 | GASOCENTRO CALDAS, S.L. | GASOLEO A (PUNTO DE SUMINISTRO: CARRETERAS - 453 PA TRABANCA BADIÑA 36600 VILLAGARCÍA DE AROUSA PONTEVEDRA II.E |
| F/2022/1577 | 1 116 | 05/03/2022 | 388,65 | 135 | 214 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / NUM. ALB. 64 DEL 27/01/22 / SERVICIO MU |
| F/2022/1583 | 1 117 | 05/03/2022 | 216,83 | 135 | 214 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600, OG:L01360600 / ALBARAN 178 DEL 02/03/22 / SERVIZO MU |
| F/2022/1584 | 1 118 | 05/03/2022 | 73,00 | 135 | 214 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600, OG:L01360600 / ALBARAN 146 DEL 18/02/2022 / SERVIZO |
| F/2022/1601 | 0011 | 02/03/2022 | 42,00 | 2311 | 22799 | REY FREITES, JOHNSTON ALEXANDER | 1 LAVADO VEHÍCULO SPAD |
| F/2022/1602 | 22044 | 28/02/2022 | 59,58 | 135 | 213 | PADIN SILVA, FRANCISCO | REPOSICION DISCOS CORTE. EMERXENCIAS |
| F/2022/1603 | 22043 | 28/02/2022 | 266,56 | 170 | 213 | PADIN SILVA, FRANCISCO | REPARACIÓN ROZADORA. MEDIO AMBIENTE |
| F/2022/1645 | 2022/11 | 01/03/2022 | 1.573,00 | 150 | 22706 | ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR | HONORARIOS PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA. FEBREIRO 2022. (URBANISMO). |

| | | | | | | | |
|-----------------|--------------|------------|-----------|------|-------|--|---|
| F/2022 /1676 | P000227/2022 | 01/03/2022 | 40,00 | 2311 | 22106 | CHAVES CASTRO, MANUEL | SOL METADONA 10% 1000 CC. (SPAD). |
| F/2022 /1788 | 0322 | 10/03/2022 | 338,80 | 3261 | 22706 | DURAN RECUNA, CRISTINA | XESTTION, MANTEMENTO E CREACION CONTIDOS RRSS FESTTTIVAL CLASCLAS. CONSERVATORIO |
| F/2022 /1790 | 03/22 | 28/02/2022 | 1.041,81 | 2312 | 22604 | PEREZ PADRON, M ^a PURIFICACION | HONORARIOS DOS SEVIZOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE FEBREIRO DE 2022. (IGUALDADE). |
| F/2022 /1795 | 000014/2022 | 11/03/2022 | 40,00 | 2311 | 22106 | GARCIA RODRIGUEZ, M ^a TRINIDAD | SOLUCIÓN DE METADONA AL 1% 1 LITRO. (SPAD). |
| F/2022 /1798 | D-2/2022 | 31/01/2022 | 270,00 | 2313 | 48401 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | RECARGAS BONO BUS XUBILADO. XANEIRO 2022. PERSOAS MAIORES |
| F/2022 /1987 | 04/22 | 31/03/2022 | 1.041,81 | 2312 | 22604 | PEREZ PADRON, M ^a PURIFICACION | HONORARIOS DOS SERVIZOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE MARZO DE 2022.(IGUALDADE). |
| | | TOTAL | 24.761,46 | | | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:40 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.